

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Planificación
e Ordenación Forestal

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# CORWEB

## Aproveitamentos madeireiros e leñosos



## Introdución

O sistema CORWEB permite a presentación de **declaracións responsables e solicitudes de autorización** de aproveitamentos madereiros e leñosos en montes e terreos forestais e resto de categorías de solo rústico da comunidade autónoma nos que é de aplicación a Lei de montes de Galicia

As **principais funcionalidades** do sistema son:

- ✓ acceso
- ✓ consultas e listados
- ✓ solicitude de autorización
- ✓ solicitude de prórroga
- ✓ presentación de declaración responsable
- ✓ comunicación de corta final

A continuación preséntase de forma resumida cada unha das funcionalidades. Para máis información pode consultarse o manual de usuario dispoñible na aplicación.

# Acceso e alta de usuario

O acceso ao sistema pode facerse empregando un **certificado de persoa física ou de persoa xurídica**

Os navegadores recomendados son:
Chrome, Firefox y Edge

Acceso ao sistema. A xestión das solicitudes de corta poderán facerse en calidade de:

- Persoa propietaria
- Representante da persoa propietaria
- Comprador en representación da persoa propietaria






## Rexistro de solicitude de autorización

A información a rexistrar para a solicitude de autorización está dividida nas seguintes seccións

Eu actúo como — Datos dos interesados — Referencias catastrais — Aproveitamento — Documentación — Resumo

- **Eu actúo como:** Debe seleccionar o seu perfil (Persoa titular, Representante da persoa propietaria, Persoa compradora en representación do propietario).

- **Datos do interesado:** Datos persoais e direccións dos perfís implicados.

  * Nota: se non se trata dun aproveitamento para uso doméstico, deberá declararse un comprador que deberá estar dado de alta no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (RESFOR)

  * Nota: se vostede vai vender en cargadoiro e aínda non ten comprador, deberá darse de alta no RESFOR

- **Referencias catastrais:** Debe proporcionar os datos de localización do aproveitamento (Provincia, Concello, RC) así como as unidades a empregar (m3 / tm.), especies afectadas, cantidade de madeira a extraer, posibles afeccións e servidumes, etc.

  * Nota: A referencia catastral debe estar dada de alta no catastro e debe ser de tipo rústica.

- **Aproveitamento:** Debe identificar a información complementaria do aproveitamento como a clasificación urbanística, o estado da madeira, o tipo de corta ou se existen pés maiores do anexo I da Lei de montes de Galicia

- **Documentación:** Neste apartado deberase achegar a documentación relativa ao expediente.

- **Resumo:** Amosa toda a información proporcionada. Para finalizar a solicitude será preciso premer no botón PRESENTAR.

# Rexistro de solicitude de autorización

A información a rexistrar para a solicitude de autorización está dividida nas seguintes seccións

Eu actúo como — Datos dos interesados — Referencias catastrais — Aproveitamento — Documentación — Resumo

- Presentación: No momento no que se preme no botón **PRESENTAR**, ábrese unha fiestra que leva á Sede Electrónica da Xunta de Galicia.
- O primeiro paso é o **anexado** da documentación, que non é preciso realizar se xa o fixo.
- Despois procederá **asinar e presentar**
- Se todo funciona correctamente xerarase un **recibo** da presentación
- O **proceso de rexistro da solicitude remata cando ésta se asina e presenta de forma satisfactoria**






# Rexistro de Declaración Responsable

A información a rexistrar para a solicitude de declaración responsable ten as mesmas seccións que a autorización:




A diferenza co procedemento de autorización é que para a Declaración Responsable é preciso indicar o **Motivo** da mesma:

- Aproveitamento de especies non incluídas no **Anexo I** da Lei 7/2012
- Aproveitamentos que forman parte de espazos suxeitos a algún **réxime de protección** con pregos coas condicións sectoriais aprobados
- Aproveitamento nun monte incluído no **Rexistro de Montes Ordenados**
- Aproveitamentos madeireiros e leñosos para **uso doméstico**
- Aproveitamentos madeireiros e leñosos en zonas afectadas por **expropiación**
- Cortas de **obrigada execución**
- Aproveitamentos madeireiros e leñosos en masas afectadas por unha **praga ou enfermidade** forestal declarada
- Outras cortas **previamente autorizadas** nun procedemento administrativo contemplado na lexislación forestal autonómica

A presentación dunha declaración responsable **habilita para a realización do aproveitamento desde o día da súa presentación**.

**Vostede manifesta expresamente que cumpre cos requisitos establecidos na normativa**, que dispón da documentación que o acredita e a porá a disposición cando se lle requira (únicamente deberá xuntar a acreditación da representación se é o caso).

# Consultas e listados

- Neste apartado, poderá consultar os expedientes asociados á súa Chave365 ou ao seu certificado electrónico, concretamente as solicitudes de autorización, declaracións, comunicacións finais ou prórrogas
- Pode realizar buscas personalizadas empregando os campos dispoñibles: Nº Sede, Procedemento, Estado, Data de rexistro, Datos interesado ou Localización.
- Poderá editar solicitudes en estado borrador e consultar e duplicar solicitudes presentadas con anterioridade.



# Consultas e listados

- A lapela de tramitación habilítase unha vez presentada a solicitude de autorización de forma satisfactoria.
- Nela poderá levarse un seguimento do estado da tramitación da mesma.



Resumo do Aproveitamento | Tramitación / Requerimentos

### Tramitación / Requerimentos

Estado PRESENTADO

Data presentación 28/02/2020 — Data prevista resolución 28/04/2020

Suspenso prazo false — ✓ Pendente organismo

AVISO 1: O requerimento foi respostado e atopase en revisión por montes

AVISO 2: Existe un requerimento pendente de resposta

### Documentación

1001_ACREDITACION_RESPRESENTACION.pdf

### Informes Organismos

| Nome | Estado | Data solicitude | Data limite resposta | Data resposta | Sentido | Resposta |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Augas | PRESENTADO | 28/02/2020 | 28/03/2020 | | | |
| Estradas | RESUELTO | 28/02/2020 | 28/03/2020 | 14/03/2020 | Favorable | |

### Requerimentos do Aproveitamento

| Nome | Estado | Data requerimento | Data limite resposta | Data resposta | Observación | Resposta |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Req. Documentación | Notificado | 04/03/2020 | 14/03/2020 | | Solicitamos a documentación do Plan de Cortas | |
| Subsanación Datos | Respostado | 04/03/2020 | 14/03/2020 | 08/03/2020 | Solicitamos a documentación do Plan de Cortas | |

### Prórrogas do Aproveitamento

| Nome | Estado | Data presentación | Data resolución | Prazo solicitado | Prazo solicitado | Observación | Solicitude | Xustificante |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Prórroga | PRESENTADO | 28/02/2020 | | 7 | | Prórroga solicitada o XXXXX por 123123U | | |
| Prórroga | RESUELTO | 28/02/2020 | 20/03/2020 | 12 | 10 | Prórroga solicitada o YYYYY por 4488665577Z | | |

### Comunicación Final do Aproveitamento

| Nome | Estado | Data presentación | Volume inicial | Volume comunicado | Observación | Solicitude | Xustificante |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C Final | PRESENTADO | 28/02/2020 | 58T | | Comunicación final presentada o XXXXX por 123123U | | |
| C Final | RESUELTO | 28/02/2020 | 58T | 88T | Comunicación final presentada o XXXXX por 123123U | | |

# Solicitude de prórroga

- Para solicitar unha prórroga do aproveitamento, deberá facelo dous meses antes do remate do prazo establecido
- Ao premer no botón de PRÓRROGA indicado no punto anterior desprégase unha fiestra no que debe introducir os seguintes datos:
  - Ampliación do prazo solicitado (meses)
  - Documento xustificativo da prórroga
  - Xustificación da necesidade da prórroga



# Comunicación de corta final

- Os aproveitamentos que superen un 15% do volume estimado na solicitude, deberán comunicar a cantidade finalmente extraída
- Ao premer no botón de COMUNICACIÓN FINAL indicado no punto anterior despregase unha fiestra na que deberá introducir esta cantidade.
- Tanto nesta comunicación coma na solicitude de prórroga o sistema levaralle á Sede Electrónica da Xunta de Galicia para finalizar a presentación.

